

MEMORIA ASPROMOR

2018

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CENTRO OCUPACIONAL

2.1. OBRADOIRO DE REPARACIÓN DE ENVASES DE PLÁSTICO

2.2. OBRADORIO DE ELABORACIÓN DE FREGONAS

2.3. OBRADOIRO DE INVERNADOIRO

2.4. UNIDADE DE DÍA

2.5. ACTIVIDADES PERMANENTES

2.5.1. Obradoiro de cociña

2.5.2. Obradoiro de teatro

2.5.3. Obradoiro de psicomotricidade

2.6. OUTRAS ACTIVIDADES

2.6.1. Entroido

2.6.1.1. Obradoiro de Entroido

2.6.1.2. Festa do Entroido

2.6.2. Nadal

2.6.2.1. Obradoiro de Nadal

2.6.2.2. Festa de Nadal

2.6.3. Obradoiro de Samaín

2.6.4. Xogos de mesa e populares

2.6.5. Obradoiro musical

2.6.6. Saídas

2.6.6.1. Actividades do entorno

2.6.6.2. Os Maios

2.6.6.3. Outras saídas

3. SERVICIO DE TRANSPORTE

4. SERVICIO DE COMEDOR

5. VIVIENDA TUTELADA

6. VOLUNTARIADO

7. GALAS BENÉFICAS

8. SUBVENCIONES

1. INTRODUCCIÓN

A Asociación Pro-Minusválidos do Ortegal (Aspromor) nace en 1984 por iniciativa dun grupo de pais/nais para atender ás necesidades de apoio das persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Ortegal.

O seu ámbito de atención abarca os Concellos de Ortigueira, Cariño e Mañón. Destos Concellos proceden os usuarios que diariamente se atenden no Centro Ocupacional Aspromor que se atopa no Paseo de Barro Soto en Ortigueira con capacidade para 40 usuarios/as.

O Centro Ocupacional está dotado de diferentes espazos entre os que destacan os obradoiros nos que os usuarios desenvolven diversas actividades en función das súas capacidades/habilidades. Atendendo ao seu desenvolvemento integral planifícanse tamén diferentes actividades de ocio coincidindo co calendario anual e aproveitando os recursos que ofrece o noso entorno.

Conta así mesmo cunha área de comedor para prestar este servizo a todos/as usuarios/as e ao persoal laboral do Centro.

Debido á dispersión xeográfica da comarca a Asociación presta un servizo de transporte para o que dispón de varias furgonetas que percorren tres rutas diarias para trasladar ao Centro a todos os usuarios que residen na zona rural.

Aspromor ten habilitada unha vivenda tutelada coa finalidade de prestar apoio a aquelas persoas que queiran realizar un proxecto de vida independente desenvolvendo habilidades de vida diaria e adquirindo aprendizaxes para xestionarse de xeito autónomo.

Todo este PROXECTO ten como finalidade mellorar a calidade de vida dos 30 usuarios do Centro Ocupacional Aspromor e as súas familias.

2. CENTRO OCUPACIONAL

2.1. OBRADOIRO DE REPARACIÓN DE ENVASES DE PLÁSTICO (PRS)

Este obradoiro está formado por seis persoas con discapacidade do Centro Ocupacional apoiados por unha traballadora responsable do taller, que se encarga da formación dos usuarios. Desenvólvense aprendizaxes necesarias para realizar esta actividade que consiste na reparación de elementos compostos de plástico, tales como contenedores, mobiliario urbán, embarcacións (Kayaks), depósitos, envases, caixas, etc....

Para realizar estas reparacións trabállase coa maquinaria e utilllaxe específico da actividade como fresadoras, cortadoras, lixadoras, amoladoras e extrusoras.



As reparacións non se fan con ningún elemento metálico, senon cunha técnica especial moi novedosa de termosoldadura, ofrecendo deste xeito unha mellor garantía.

Este obradoiro pónse en marcha gracias a realización de varios cursos de formación financiados polo Grupo Costeiro de acción Local da Mariña-Ortegal(GALP) e a fundación ONCE mediante FSC Inserta. Como clientes colaboran varios Concellos (Ortigueira, Cariño, Mañón, O Vicedo, Viveiro, San Sadurniño, Valdoviño, Fene, As Pontes, Ares, Mugardos e Pontedeume), as lonxas de Cedeira, Cariño, Celeiro e Burela e empresas como Urbaser, Celta Prix e Portos de Galicia.

Esta actividade foi recoñecida no ano 2017 coa concesión da Certificación de Boas Prácticas a nivel europeo pola Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea. O proxecto foi presentado en Letonia no seminario transnacional FARNT dentro do marco da inclusión social das comunidades pesqueiras.

2.2. OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE FREGONAS

O Centro Ocupacional mantén un obradoiro permanente de elaboración de fregonas no que os/as usuarios/as do Centro desenvolven unha actividade semiproductiva. Cada usuario realiza unha tarefa diferente adaptada ás súas capacidades. O resultado final vai destinado ao mercado galego gracias á colaboración da empresa GADISA que merca e distribúe a produción de fregonas que se fan neste obradoiro.

Este obradoiro está destinado a persoas con necesidades de apoio intermitentes ou limitadas, cun nivel de autonomía e capacidades para participar neste tipo de actividade.



Os obxectivos xerais desta actividade son adquirir hábitos, destrezas e aptitudes beneficiosas dende o punto de vista psico-social e realizar un traballo real destinado ao mercado.

2.3. OBRADOIRO DE INVERNADOIRO/XARDINERÍA



Actualmente no novo proxecto do invernadoiro de Aspromor desenvólvense labores ocupacionais de horticoltura cunha finalidade pedagóxica e terapéutica. Os usuarios aprenden a preparación de semilleiros, o trasplantedo, o coidado de prantas, a colleita, etc. Paralelamente responsabilízase do mantemento do espazos axardinados do Centro Ocupacional e dos espazos do invernadoiro coa colocación de carteis indicativos, normas de uso, decoración dos bancais, limpeza, etc. Na actualidade a colleita estáse a empregar para o autoabastecemento do comedor do Centro.

Nas labores de invernadoiro participan ocasionalmente os usuarios do Centro de Día, que en función das súas capacidades realizan distintas tarefas nun entorno gratificante.

Este ano levóuse a cabo a primeira fase do acondicionamento do invernadoiro para produción e venta de planta que consistiu en equipar con estanterías e mesas de madeira para exposición de planta con mesas para plantación de semilleiros e en instalar o sistema de rego. Todo este equipamento foi posible grazas á concesión pola Fundación ONCE dunha axuda económica. No próximo ano acometerase a segunda fase de adquisición de planta de exterior e interior e suministros de xardinería e horticultura co que estará rematado o proceso para a apertura ao público. Trátase dunha faceta máis que complementará e mellorará os recursos dos que dispón esta actividade de xardinería e horticultura. De este xeito a produción de planta a partir de semilleiro e a adquisición de planta de exterior e interior para venta ao público ampliarán o noso mercado.

2.4. UNIDADE DE DÍA



A Unidade de Día está destinada a usuarios/as do Centro Ocupacional que presentan necesidades de apoio extensas. Algunhos teñen unha idade avanzada, déficit de autonomía e dificultades motoras, relacionais e de comunicación. No ano 2018 a Unidade de Día atendeu a nove usuarios/as.

Neste espazo os usuarios/as adquiren hábitos de autonomía e rutinas diarias que favorecen a súa independencia e mobilidade corporal. Aprenden a relacionarse cos seus compañeiros/as e co persoal adquirindo unhas pautas de comunicación verbal ou alternativa que favorezan a súa relación co entorno e coas persoas.

As actividades que se realizan na Unidade de Día están orientadas a xerar un entorno de confianza no usuario/a, utilizando para isto os obradoiros de psicomotricidade, plástica, de relacións co entorno, de teatro, etc.

2.5. ACTIVIDADES PERMANENTES

2.5.1. Obradoiro de cociña



Esta actividade ten como finalidade a adquisición de aprendizaxes relacionadas coa elaboración da comida e preparación do comedor, participando de xeito activo nas tarefas diarias.

As labores que se levan a cabo van dende poñer os manteis, manipular os utensilios de cociña, usar o lavavaixelas, ata aprender os hábitos de hixiene necesarios.

Con este obradoiro preténdese que os usuarios adquiran os hábitos imprescindibles para desenvolverse nunha cociña co obxectivo de proxectalos no seu ámbito familiar.

2.5.2. Obradoiro de teatro

Esta experiencia utiliza o taller de Teatro como medio de inclusión e convivencia mediante o desenvolvemento global da persoa e como ferramenta que potencia a consciencia corporal, a respiración, o grupo, os sentidos, o movemento, a relación co espazo, os estados de ánimo, etc...Mediante esta actividade o usuario baila, fala, escoita, respeta turnos, memoriza, pronuncia, aprende a falar diante do público, etc... todas élas capacidades para extender á vida cotidiana.



2.5.3. Obradoiro de psicomotricidade

A psicomotricidade céntrase no desenvolvemento das capacidades de expresión, creatividade e mobilidade a partir do uso do corpo. Isto permite coñecer o noso corpo en canto ao movemento, ademáis de mellorar a coordinación, a motricidade e a axilidade dos /das usuarios/as.

Neste obradoiro os usuarios/as divídense en grupos dependendo das súas capacidades/habilidades psicomotrices, utilizando un espazo dotado de material específico para desenvolver esta actividade.



2.6. OUTRAS ACTIVIDADES

2.6.1. Entroido

2.6.1.1. Obradoiro de Entroido



Co motivo da celebración das festas do Entroido organízase un obradoiro no que se realizan unha serie de actividades conxuntas para todos os/as usuarios/as do Centro. Desenvólvense aprendizaxes e habilidades manipulativas dentro dun marco lúdico.

O resultado deste obradoiro materialízase na decoración do Centro realizada totalmente polos/as propios usuarios/as con materiais reciclados e na confección dos disfraces para todos os participantes da festa.

Este ano o resultado foi unha vistosa e colorida comparsa de payasos que percorreu as rúas animando aos veciños.

2.6.1.2. Festa do Entroido

Chegado o día da festa preparámonos para disfrutar do Entroido. Empezamos a mañá coa sesión de maquillaxe pintando as caras dacordo co disfraz e saíndo ás rúas en animosa comparsa participando tamén cos alumnos do Colexio José María Lage. A mediodía disfrutamos dunha magnífica comida típica de entroido e de seguido dun animado baile ata o remate da xornada.



2.6.2. Nadal

2.6.2.1. Obradoiro de Nadal

En Aspromor tamén celebramos o Nadal con diferentes actividades que completan a planificación de todo o ano. Con varias semanas de antelación organízase de maneira conxunta un obradoiro de tarxetas postais, feitas polos propios usuarios/as, que enviamos a todos os socios/as como agradecemento pola súa colaboración e para felicitalles as festas. Ademáis, como cada ano organizamos un obradoiro de Nadal para preparar a decoración do Centro.



2.6.2.2. Festa de Nadal

A véspera das vacacións celebramos a festa do Nadal. Para celebrar estas datas tan sinaladas todos os usuarios e persoal do centro participan nunha entrañable e emotiva Festa donde se combinan maquillaxes, disfraces, música, baile, regalos e sobre todo bos desexos para o vindeiro ano.

2.6.3. Obradoiro de Samaín





No obradoiro de Samaín realízanse diferentes actividades en torno a esa temática durante varios días. O primeiro que se organiza é a colleita de castañas entre todos os usuarios/a. Faise unha saída a un souto para recoller os froitos pasando unha tarde rodeados de natureza. Coas

castañas elabóranse uns colares que eles mesmos cosen e coas sobrantas faise un magosto.

Ao mesmo tempo os usuarios/as traen das súas casas diferentes cabazas para decoralas e colocalas no Centro a xeito de ornamentación, finalmente faise un concurso no que sae premiada a cabaza máis creativa e mellor decorada.

2.6.4. Xogos de mesa e populares

Semanalmente os usuarios/as do Centro participan desta actividade na que mediante distintos tipos de xogos de mesa (parchís, dominó, oca, tres en raia,...) adquiren hábitos que fomentan o traballo en equipo, o respecto ás normas, o compañeirismo, etc... dun xeito lúdico e distendido.



2.6.5. Obradoiro musical

No obradoiro musical os usuarios/as adquiren habilidades que lles axudan a desenvolverse persoalmente e a disfrutar nas festas populares que se celebran no seu entorno. A actividade en sí resulta gratificante xa que mediante a música e o ritmo exprésanse e establecen relacións persoais. Dentro desta actividade combináanse actividades de escoitar música, baile, ritmo, canto, expresión corporal, etc. cuxos aprendizaxes se poñen de manifesto nas actuacións públicas que fan os usuarios coas representacións nos Festivales Benéficos.



2.6.6. Saídas

2.6.6.1. Actividades do entorno

- ***Día do Libro na Biblioteca Municipal (contacontos)***
- ***Exposicións no Claustro do Concello***
- ***Festival Internacional do Mundo Celta***
- ***Festas Patronais***
- ***Participación no San Xoán popular***





Aproveitando o bo tempo e os recursos que nos ofrece o noso entorno organízanse diferentes saídas para desenvolver variedade de actividades na nosa comunidade.



2.6.6.2. Os maios



Todos os anos polo mes de maio os usuarios do Centro Ocupacional participan na Praza de Isabel II no Encontro Interxeracional coa Residencia de Ancianos, o IES de Ortigueira, o CEIP José María Lage, a gardaría A Galiña Azul e a Escola de Gaitas de Ortigueira. Os usuarios/as de Aspromor elaboran un maio e colaboran na confección dunha alfombra floral co resto dos participantes. Nesta ocasión os usuarios de ASPROMOR novamente ataviáronse con indumentarias propias do agro do século XIX e realizaron una actuación musical con instrumentos típicos daquela época. A participación nos maios é moi gratificante xa que o traballo feito polos usuarios/as traspasa as portas do Centro para ser ollado por todos os veciños que acuden á praza.

Este ano 2018 como novidade recibimos a invitación para participar no Festival que por estas datas celebra o C.E.I.P Manuel Fraga Iribarne de Cariño. No salón de actos de dito colexio os usuarios de Aspromor puxeron en escena unha representación da refrega do mainzo acompañada da actuación musical. Recibiron nesta ocasión unha afectuosa acollida de todo o público presente.



2.6.6.3. Outras saídas

Ademais das saídas programadas tamén se realizan outras de xeito puntual coa finalidade de integrarnos na vida do noso entorno. Podemos destacar, entre outras, os paseos á praia, as saídas a cafeterías e mercado dos xoves, a parques públicos, a realizar compras no casco urbán, etc...



3. SERVICIO DE TRANSPORTE



Debido á dispersión xeográfica dos concellos aos que atende Aspromor é necesario prestar un servizo de transporte para o que se conta con varias furgonetas que fan tres rutas diarias para trasladar os/as usuarios/as ao Centro. Este ano gracias a unha subvención da Obra Social “La Caixa “ puídose adquirir unha furgoneta para substituír unha vella que xa houbo que retirar.

4. SERVICIO DE COMEDOR



Diariamente o Centro Ocupacional pon á disposición dos/das usuarios/as un servizo de comedor no que ofrece distintas modalidades

de dietas elaboradas por unha dietista, tendo en conta as prescripci3ns m3dicas e de sa3de de cada caso.

5. VIVENDA TUTELADA

Aspromor disp3n dunha vivenda tutelada para prestar servicios a aqueles usuarios/as que queiran desenvolver una vida independente. A vivenda est3 equipada con todo o necesario para realizar un plan de vida independente que lles axude a mellorar a s3a calidade de vida.

6. VOLUNTARIADO

Durante este ano O Centro Ocupacional Aspromor benefici3use do Programa de Voluntariado que desenvolve a Fundaci3n Obra Social “La Caixa” no que participaron tanto empregados como clientes colaborando nos distintos talleres e actividades que se desenvolven no Centro.



7. GALAS BENÉFICAS

Cada ano grazas á iniciativa de María Luisa Novo directora da Rondalla de Cariño e do Coro de Espasante celébrase no Teatro da Beneficencia en Ortigueira e na aula da Cultura en Cariño dúas galas solidarias cuxa recadación vai destinada íntegramente á Asociación ASPROMOR. Participan de xeito solidario una gran variedade de grupos de ambos Concellos que compoñen o groso da representación musical e cultural da Comarca.

En ambos festivais os usuarios de Aspromor dedican una representación ao público asistente en agradecemento á súa colaboración e aportación. Nesta ocasión “EL RAPSROMOR DE NAVIDAD” é o título da obra que representaron e que tivo unha emotiva acollida.



8. SUBVENCIONS /COLABORACIONES

Todas as actividades desta Memoria 2018 non serían posibles sin o financiamento das entidades e a colaboración das persoas que apoian este proxecto, que axuda a que as persoas con discapacidade intelectual da comarca do Ortegal melloren a súa calidade de vida e a da súas familias.

- ❖ *CONCELLO DE ORTIGUEIRA*
- ❖ *CONCELLO DE CARIÑO*
- ❖ *CONCELLO DE MAÑÓN*
- ❖ *FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA*
- ❖ *DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA*
- ❖ *TRIODOS BANK*
- ❖ *FUNDACION ONCE*
- ❖ *PROGRAMA 0,7% DO IRPF*
- ❖ *GALP "GRUPO DE ACCION COSTEIRA"*
- ❖ *CONSELLERIA DE SERVICIOS SOCIAIS*
- ❖ *SOCIOS COLABORADORES*
- ❖ *ASOCIACIONES E PERSOAS QUE PARTICIPAN NAS GALAS BENÉFICA A FAVOR DE ASPROMOR*
- ❖ *CICLO DE MADEIRA DO IES DE ORTIGUEIRA*
- ❖ *IMPRESA OLBLAN*
- ❖ *FUNDACIÓN OBRA SOCIAL LA CAIXA*